

| |
|--|
| Nome: _____ Curso: __ Data: _____ |
|--|

Comprensión e expresión oral

1A. escoita o texto e contesta estas preguntas.

• De que falan os nenos? _____

• Quen ten dous gatiños negros? _____

• Pensas que é importante o que dixo Manu? Ti sempre falas como di el?

Os libros viaxeiros

Clara meteu a Pérez nun bolso ,subiron ao coche e preparouse para ir á casa dos avós, a beira do mar.

Ao rato non lle gustaba nada a auga salgada do mar. Cada vez que vía unha onda, saía fuxindo coma se o levase o demo, e o máximo que chegou a facer foi meter os pés na auga e poñer a remollar o rabo. A verdade é que o rato tiña unha pinta moi graciosa na praia co seu traxe de baño e cun gorro de pel que non había quen llo fixera quitar pois, segundo dicía, trouxérao unha vez que fora a Siberia a por un dente e tíñalle moito cariño.

Atoparan unha buguina moi grande e, xusto cando estaba a tentar escoitar dentro dela, chegou alí o Loliño sen que eles se decatasen. Pérez, que non topou máis escapatoria cá de se meter na buguina, saltou dentro dela agardando non ser visto polo cativo. A verdade é que o neno andaba máis ben na verzas e, en canto a súa irmá lle deu un par de cunchas, foise máis ledo ca un cuco a xogar a outro lado. O caso é que o rato entrara, pero agora non podía saír da buguina.

—Queres saír xa? —dicíalle Clara.

—Non podo! —berraba Pérez—. Enrodelóuseme o rabo cunha pata e non me podo mover.

—Pois tenta moverte un pouco! —volveu dicir a nena.

Pero o rato o único que conseguiu foi sacar unha orella, mentres o resto do corpo seguía tan dentro. Clara tentou sacalo de alí tirándolle da orella que asomaba por fóra da buguina, pero só conseguiu que o rato berrase coma un tolo. E daquela, volveu aparecer Loliño que case queda birollo de ver unha buguina falante e cunha orella.

—Fala, Clariña. Fala! —repetía alterado e pelexando coa súa irmá para que lle dera a buguina.

Ao final conseguiu sacarlla das mans e botou a correr con ela cara aos seus pais. Menos mal que, como aínda non estaba acostumado a correr pola area, coas présas perdeu o equilibrio e a buguina caeulle das mans. Co golpe, Pérez desencerellouse e, antes de que o neno volveuse atopar a buguina, el xa saía correndo.

—Fala, mamá! A buguina fala!

—Quen fala, meu fillo? —preguntoulle súa nai.

—A buguina! Di que quere saír de aí!

—Non, meu neno, non; son as ondas do mar, que sempre se escoitan dentro das cunchas.

Ana Expósito Valle

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

1. Contesta as seguintes preguntas.

- Que vestuario tiña Pérez na patria? _____

- Onde quedou atrapado? _____

- A que foi a Siberia o rato Pérez? _____

- Por que fuxía o rato da auga do mar? _____

2. Ordena a historia.

- O rato queda atrapado na buguina.
- Pérez pon a remollo o rabo na auga.
- Clara e Pérez viaxan ata a casa dos avós.
- Loliño esvarou e o rato sae de buguina.

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

3. Clara di que Loliño «anda nas verzas». Sabes o que significa? Marca a resposta correcta.

- Gústalle as verzas.
- Sempre anda distraído.
- Di sempre a verdade.

4. Rodea a palabra que significa o mesmo que a destacada e copia a oración.

- A viaxe pareceu un **martirio** para o rato.

sufrimento

festa

bebida

5. Debuxa a Pérez vestido na praia.